

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 4 DE MAIO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día catro de Maio de mil novecentos noventa e cinco; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Don Xosé Prieto Pérez e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.

Está presente o Secretario accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 27 de Abril pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES ADMINISTRADOS.-

Visto o escrito de Don José Pérez Fernández, veciño de San Cristovo, no que prega o troco do seu vehículo de autoturismo, matrícula OR-7598-K, por outro novo, marca Renault Laguna, matrícula OR-4985-P; tendo en conta que neste Concello non hai marcas nin modelos normalizados, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó troco, polo cal, a partir de agora, causa baixa o vehículo OR-7598-K, sendo alta o vehículo OR-4985-P, para desenvolve-la licenza municipal número 5; polo interesado cumpriranse os requisitos establecidos nos Regulamentos Nacional e Municipal sobre esta clase de servicio.

#### 4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Delegación da Axencia Tributaria de Ourense, sobre a creación dunha Delegación de Facenda para a atención ós veciños desta Comarca.

Escrito do Servicio Galego de Saúde, sobre recibo nº 03627502 correspondente ó IBI-94 do Ambulatorio sito nesta Vila, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda tomar conta do mesmo e remitilo á Tesourería da Seguridade Social por se-lo titular xurídico do ben ó que se refire.

#### 5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aprobar dúas certificacións da obra denominada "Rehabilitación Casa Dona Nona" a prol de Don Xosé Luís Vázquez Fidalgo de Construcións Fidalgo, polos importes respectivos de 403.680 pesetas e 2.723.478 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aprobar unha subvención de 200.000 pesetas para sufraga-los gastos que se orixinen durante a tempada 94-95 a prol do fútbol base do Francelos F.C..

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aprobar unha subvención de 250.000 pesetas, para sufragar gastos que se orixinen durante a tempada 94-95 a prol do fútbol base do Ribadavia Atlético.

Visto o escrito presentado por Don José Fernández Touza, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Muñoz Calero, no que interesa lle sexa aboada a cantidade de 26.240 pesetas correspondentes ó consumo de 4 kw día perante o período comprendido dende o 15-3-94 ata o 30-4-95, por conexión eléctrica do motor na acometida privada do asinante que permitira o fluxo do caudal de auga pública dende a rede de abastecemento municipal ata a fonte pública de Muñoz Calero, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó devandito aboamento.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o

encargo a BRAÑA Soc. Coop. Ltda., con domicilio en Tarreirigo de Esgos, do traballo referente á Mellora e Ordenación do espacio termal en Prexigueiro que expón detalladamente na súa folla nº 1/1 do presuposto nº 8/95, de data 28 de Abril do corrente ano.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención económica á Asociación Amigos de La Lira, pola prestación de servizos complementarios docentes no Conservatorio de Música de Ribadavia, durante o período Marzo-Abril do corrente ano, ós profesores de vento e piano, respectivamente de 100.000 pesetas e 80.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento a Fenosa da cantidade de 2.713.090 pesetas, que corresponde ó resto de Decembro de 1994 e a Xaneiro de 1995.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda facer efectivo o aboamento da cantidade de 696.000 pesetas a Paradelo S.A., por servizos e subministros para a Escola Obradoiro, 1ª fase.

E sendo as oito e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.